

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE MARZO DE 2008.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

AUSENTE:

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día 10 de marzo de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Vázquez Fra, descúlpase e xustifícase por razóns de carácter profesional á ausencia do seu compañeiro de Grupo Municipal, Sr. Pernas Rodríguez.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES DE 14 DE XANEIRO, 23 DE XANEIRO E DE 9 DE FEBREIRO DE 2008. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular os borradores das actas plenarias de 14 de xaneiro, 23 de xaneiro e de 9 de febreiro de 2008.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-los borradores das actas plenarias de 14 de xaneiro, 23 de xaneiro e de 9 de febreiro de 2008.

2º) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2007. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2007, aprobada por Decreto de Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2008, e que presenta o resumo seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Resultado Presupostario axustado	1.408.824,50€
Remanente de Tesourería Total	3.834.428,23€
Remanente de Tesourería para gastos xerais	3.609.627,92€
Remanente de Tesourería afectado a G.F.A.	156.634,76€

O Concello Pleno, dáse por enterado.

3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULAMENTADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde dáse lectura íntegra á contestación remitida pola Xerencia Territorial do Castastro en Lugo, respostando á consulta plantexada a instancias do acordado polo pleno corporativo en sesión plenaria de 12 de novembro de 2007, engadindo que á vista de dita resposta, polo Grupo de Goberno, considerase plenamente xustificada a proposta de modificación da ordenanza para evita-lo uso abusivo dos servizos do PIC de Xove, evitando os elevados custos, tanto económicos como de persoal, que á larga repercuten en tódolos veciños do Concello de Xove.

Polo Sr. Vázquez Fra sinalase que á vista da resposta remitida pola Xerencia Territorial do Castastro en Lugo, o Grupo Municipal do AVEXO vai votar a favor da modificación do epígrafe.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o BNG vaise abster, porque considera que o elevado número de certificacións catastrais solicitadas nos últimos tempos é unha coyuntura temporal, provocada pola desfeita urbanística, practicamente xeneralizada en tódolos concellos da Mariña, razón pola cal, non considera suficientemente xustificada a proposta do epígrafe.

Polo Sr. Ben Fernández, manifestase a súa intención de absterse, alegando as mesmas razóns que o Sr. Fernández Bouza.

Rematado o debate, o Pleno Corporativo, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Alvarez, Meitin Guerreiro, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, acorda aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal regulamentadora da taxa pola expedición de documentos, impondo unha taxa de 10 € pola emisión de certificacións catastrais literais, de bens inmoables, descritivas e gráficas.

Sometendo o presente acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días, mediante a colocación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os efectos da presentación de reclamacións e suxerencias. No suposto da non presentación de reclamacións ou suxerencias no devandito prazo de exposición pública, a modificación da ordenanza entenderáse aprobada definitivamente, entrando en vigor, e sendo de aplicación nos termos previstos no Art. 107.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e no artigo 17 do R.D.L. 2/2004.

Os Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández absteñense.

4) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A D. JESUS MANUEL TIMIRAOS LÓPEZ PARA INSTALACIÓN DE NOVA ACTIVIDADE NO PARQUE EMPRESARIAL DE XOVE, E BONIFICACIÓN E DEDUCIÓN DA COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, relativo á solicitude de axuda e subvención presentado pola empresa Jesús Manuel Timiraos López, ubicada no parque empresarial de Camba.

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º) Conceder a D. Jesús Manuel Timiraos López unha axuda por importe de 636,50€ que se corresponde coa bonificación do 90% da cota do I.C.I.O.

2º) Conceder unha axuda por importe de 1.288,26€ que se corresponde coa aplicación dos baremos fixados na correspondente base .

5) PROPOSTA DE CONCESIÓN A INSUIÑA S.L. DE BONIFICACIÓN E DEDUCIÓN DA COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, relativo á solicitude de subvención presentado pola empresa Insuiña S.L. ubicada en Lago (Xove).

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º) Conceder a Insuiña S.L. unha axuda por importe de 91.112,68€ que se corresponde coa bonificación do 90% da coto do I.C.I.O.

6º) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A AUTOMÓBILES BANGO S.L. PARA INSTALACIÓN DE NOVA ACTIVIDADE NO PARQUE EMPRESARIAL DE XOVE, E BONIFICACIÓN E DEDUCCIÓN DA COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, relativo á solicitude de axuda e subvención presentado pola empresa Automóbiles Bango S.L, ubicada no parque empresarial de Camba.

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º) Conceder a Automobiles Bango S.L. unha axuda por importe de 1.867,01€ que se corresponde coa bonificación do 90% da coto do I.C.I.O.

2º) Conceder unha axuda por importe de 3.115,40€ que se corresponde coa aplicación dos baremos fixados na correspondente base.

7º) PROPOSTA DE CONCESIÓN A CORYMA S.A. DE BONIFICACIÓN E DEDUCCIÓN DA COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, relativo á solicitude de subvención presentado pola empresa Coryma S.A., ubicada no parque empresarial de Camba.

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º) Conceder a Coryma S.A. unha axuda por importe de 2.376,99€ que se corresponde coa bonificación do 90% da coto do I.C.I.O.

8º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DE APOIO Ó POBO SAHARAUI. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN DE APOIO O POBO SAHARAUI .EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 27 de febreiro celébrase o 32º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática. Sen embargo, nestes trinta e dous anos, nin a comunidade internacional a través das Nacións Unidas, nin o Estado español como responsable do proceso de descolonización do Sáhara Occidental, foron que de garantir o respecto do dereito internacional e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas que recoñecen o dereito de autodeterminación do pobo saharauí.

Hoxe, os territorios do Sáhara Occidental, repartidos en primeira instancia e co beneplácito e complicidade do Goberno español, e 1975, entre Marrocos e Mauritania, continúan ocupados de maneira ilegal polo Estado de Marrocos, unha ocupación non recoñecida a nivel internacional por supoñer unha vulneración flagrante do dereito internacional. Neses territorios ocupados, miles de saharauís sofren habitualmente a represión e a violación dos dereitos humanos por partes das autoridades marroquís, tal e como teñen denunciado non só o Frente Polisario senón tamén organizacións de defensa dos dereitos humanos tanto de Marrocos como internacionais, o que ten conlevado declaracións de condena e rexeitamento en ámbitos como as Nacións Unidas ou o Parlamento Europeo.

Outra parte da poboación saharai, aproximadamente 150.000 persoas, vive refuxiada e condicións infrahumanas desde hai máis de trinta anos, no deserto argelino, un dos lugares máis inhóspitos e inhabitables do planeta, preto da cidade de Tinduf. Nos últimos anos, e coa pretensión de dobrear ao pobo saharai, tense reducido de maneira alarmante a axuda humanitaria e o programa de alimentos, imprescindibles para a subsistencia dos refuxiados e refuxiadas.

Desde o alto o fogo acordado a principios do anos 90 teñen transcorrido case 20 anos caracterizados pola oposición sistemática de Marrocos aos diferentes plans de paz formulados por Nacións Unidas que sempre, de maneira inequívoca, recoñeceron o dereito de autodeterminación do pobo saharai para decidir o seu futuro.

Ao longo destas tres décadas, cáseque un centenar de países de todos os continentes teñen recoñecido oficialmente á República Árabe Saharai Democrática, que ademais forma parte da Unión Africana.

Por outra banda, tamén, neste período de tempo teñen sido numerosas as mostras de solidariedade do pobo galego co pobo saharai traducidas especialmente nos centros de familias que todos os veráns acollen a cativos e cativas procedentes dos campos de refuxiados de Tinduf.

Por todo o dito, o BNG propón que o Pleno da Corporación Municipal, facéndose eco do sentir da maioría dos veciños e veciñas e desde a defensa da legalidade internacional e da solidariedade entre os pobos, adopte os seguintes

ACORDOS

1.- Manifestar o apoio do noso Concello ao pobo saharais, expresando a condena pola ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamando a súa descolonización definitiva a traves do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquís.

2.- Levar a cabo as seguintes accións:

a) Establecer un irmanamento cunha daira saharui, dotando a dito irmanamento de contido político, cultural, económico, solidario, etc....

b) Desenvolver campañas de información e sensibilización social en todo o Concello, nos centros de ensino, etc.....

c) Cooperar directamente coa asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharai apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz,.....)

3.- Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícoto á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharai e a exixencia de cumprimento por parte de Marrocos das resolucións de Nacións Unidas.

4.- Reclamar do goberno español o recoñecemnto oficial da República Árabe Saharai Democrática e, así mesmo, o impluso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados de Tinduf.

5.- Acórdase dar traslado destes acordos ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza, Presidente do goberno español, Ministerio de Asuntos Exteriores, Portavoces dos Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego e do Congreso dos Deputados, Embaixada de Marrocos en España, representante do Frente Polisario en Galiza e Presidente de Solidariedade Galega do Pobo Saharai.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde e os portavoces de tódolos grupos municipais, manifestase o seu apoio á moción anteriormente transcrita.

Rematado o debate, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

9º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CORREOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, a presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.

MOCIÓN PARA A PRESTACIÓN EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos; externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.

Os/ As funcionarios/as de correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha, mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as predicións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notable en Galiza, e que o noso Concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto, cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentres que coa anterior normativa establececese a obriga de entregar correspondencia, cinco días laborables á semana, o novo decreto reduce esta obriga, e crea os chamados “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “entornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será –dise- “ todos os días laborables e alomenos cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “ se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións

de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/as destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É dicir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto compre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “entornos especiais” é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terá esa consideración (e é un só suposto) “as vivendas illadas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situación que é nomeadamente grave en Galicia, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galicia, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento no espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir no noso Concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte

ACORDO

1.- Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2.- Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde e os portavoces de tódolos grupos municipais, manifestase o seu apoio á moción anteriormente transcrita.

Rematado o debate, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

10º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A MELLORA DA COBERTURA DO SINAL DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE NO TERMINO MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.

MOCIÓN PARA A COBERTURA DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Real Decreto 944/2005, polo que se aprobou o Plan Técnico Estatal da Televisión Dixital Terrestre, provéronse as emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica ao 3 de abril de

2010, de xeito que, a partir desda data, toda a televisión terrestre será con tecnoloxía dixital en lugar da analóxica.

Nesta liña, o Plan Técnico Estatal da Televisión Dixital Terrestre recolle as diferentes fases de cobertura:

- 80% da poboación antes do 31 de decembro de 2005.
- 90 % da poboación antes do 31 de decembro de 2008.
- 98% da poboación para a RTVE e o 95% para o resto das Televisións antes do 3 de abril de 2010.
- Quedando sen cobertura o 2% da poboación estatal no caso de RTVE e o 5% para o resto das Televisións.

Como se recolle na Resolución do 28 de febreiro de 2007 da Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galiza “estas porcentaxes de poboación sen cobertura agrávanse no caso de Galiza, por mor da súa dispersión poboacional, a súa orografía, o seu baixo peso relativo no total da poboación estatal e as dificultades para o desenvolvemento e establecemento de infraestruturas de radiodifusión axeitadas.”

Neste senso, o Real Decreto 944/2005, permite aos Concellos en colaboración coas Comunidades Autónomas a instalación, en zonas de baixa densidade de poboación, de estacións en rede de frecuencia única a difusión do servizo da televisión dixital terrestre (TDT).

De feito a Comisión Executiva da Fegamp, na súa xuntanza ordinaria de 29 de xaneiro de 2007, solicitou que, a Secretaría Xeral de Comunicación incluíse nas súas subvencións a instalación e o mantemento dos equipos necesarios para recibir a TDT, por entender dende a Fegamp que os concellos pequenos, que son xeralmente os que teñen menos recursos e ademais os máis afectados polas zonas de sombra, quedarán negativamente discriminados.

Por este motivo o Grupo Municipal do BNG solicita a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galiza para que dote ao noso Concello dos equipos necesarios que permitan a cobertura da TDT na porcentaxe poboacional establecida no Real Decreto 944/2005, e nos prazos recollidos no artigo 6 do Plano Técnico Estatal da TDT.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde e os portavoces de tódolos grupos municipais, manifestase o seu apoio á moción anteriormente transcrita.

Rematado o debate, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

11º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A SUPRESIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA NOCTURNA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Político do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno:

MOCIÓN SOBRE A SUPRESIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA NOCTURNA. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Dende o ano 1983 estableceuse, no Estado Español, a denominada Tarifa Eléctrica 2.ON (coñecida como Tarifa Nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.

Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día e favorece o consumo de determinados electrodomésticos, como son: acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga, etc., que se poden usar de noite.

A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsable e solidario, e obrigou a instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento, como foron os acumuladores eléctricos.

O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo, na factura eléctrica, estimase en 5,3 Kw de media para os clientes desta tarifa.

Actualmente no estado, hai aproximadamente 1 millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido a súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir, o 16% do consumo do Estado.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 ata o ano 2006, no que xa non permitiu novas altas baixo esta tarifa, mais o cambio fundamental está en que Os/As consumidores/as acollidos/as a esta tarifa (tarifa nocturna) deberán comunicar á empresa distribuidora, antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a compañía distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada.

É dicir, a partires do 1 de xullo do 2008, desaparece a Tarifa Nocturna.

Con este Real Decreto obrigase aos/as clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En consumo o incremento que poden padecer, na factura eléctrica, pode chegar ao 49% .

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, mais, para acollerse a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custos do cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500€ por cliente. Uns 200€ se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 e 300€, na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuitos de calefacción independentes entre si.

Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento de potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto terá un efecto especialmente negativo en Galicia, pois haberá que contratar unha potencia que se entrega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e se continúa pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia; isto coa Tarifa Nocturna non pasaba.

Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a medias salarial e de pensións en Galiza; asemade o Goberno do Estado non contempla, na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as a empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.

Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así mo a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horario.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que, en defensa dos intereses dunha cantidade importante de veciños directamente afectados por este tema, o Grupo Municipal do Partido Popular, vai votar a favor da aprobación desta moción, mais quere facer constar as seguintes consideracións:

1.- O Partido Popular de Galicia sempre estivo e está comprometido na defensa efectiva e decidida dos intereses dos consumidores galegos, intereses contra os que atentou o goberno coa súa decisión abusiva de eliminación da tarifa nocturna.

O Goberno galego non sabemos o que fixo non período de tramitación da norma que deu lugar a desaparición da devandita tarifa, e máis nomeadamente non sabemos a súa actuación no seo da Comisión Nacional da Enerxía. O que si sabemos é que o Goberno Galego reacciona unha vez que o Grupo Parlamentario Popular denuncia a súa pasividade neste asunto, e solicitou no Parlamento de Galicia que a Xunta de Galicia adopte as correspondentes medidas de asesoramento técnico ao consumidores e medidas que minimicen o impacto económico que a todo elo supón.

2.-O Partido Popular, entendendo que a reacción do goberno galego é tardía e non moi correcta, pois pretende a modificación dun Real Decreto recentemente aprobado, apoiaremos a petición de manter a vella tarifa nocturna.

3.- O Partido Popular de Galicia, igualmente, apoiará que o Ministerio de Industria estableza liña de axudas.

4.- Pero o Partido Popular de Galicia esixe e esixirá, de que no caso de que non se manteña a vella tarifa nocturna, e no caso de que o Ministerio de Industria non estableza as liñas de axudas axeitadas, que o Goberno Galego, tendo as competencias exclusivas de execución do réxime enerxético en Galicia, terá que realizar o asesoramento técnico axeitado aos consumidores e adoptar as medidas necesarias para minimizar o impacto económico.

Os Sres. Vázquez Fra e Fernández Ben, manifestan que os seus respectivos grupos municipais van votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

12) EXPEDIENTE Nº 2/2008 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (SUPLEMENTO DE CRÉDITO) DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2008, POR IMPORTE DE 30.000 EUROS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde Presidente, dáse conta á Corporación das conversas mantidas o venres da semana pasada, día 7 de marzo, co Delegado da Consellería de Educación, na que se chegou ó acordo co obxectivo de iniciar coa maior urxencia posible as obras de reposición da cuberta da pista polideportiva do Colexio e do peche perimetral da mesma, de que o Concello de Xove tería que aportar unha determinada cantidade de diñeiro para o financiamento de ditas obras, cifrada nunha cantidade aproximada ós 25.000 Euros.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que esa é a razón que xustifica a ausencia na tramitación do presente expediente, polo que se suplementa a partida 422/622, na cantidade de 30.000 Euros, con cargo ó remanente líquido de Tesourería deducido da liquidación orzamentaria do exercicio 2007, coñecida por tódolos membros da Corporación nesta mesma sesión plenaria.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o Expediente nº 2/2008 de Modificación de Créditos (suplemento de crédito) do orzamento municipal de 2008, por importe de 30.000 Euros.

Sometendo o presente acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días, mediante a colocación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os efectos da presentación de reclamacións e suxerencias. No suposto da non presentación de reclamacións ou suxerencias no devandito prazo de exposición pública, o expediente, entenderáse aprobado definitivamente.

13º) ROGOS E PREGUNTAS

Polo Sr. Alcalde-Presidente, pónse en coñecemento da Corporación que obra no expediente da sesión, as contestacións por escrito dos Rogos e Preguntas formulados polo Grupo Municipal do BNG, a medio de escrito de data 14 de xaneiro de 2008, con rexistro de entrada nº 234, que a seguir se transcriben:

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.

Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do BNG de Xove, presenta os seguintes rogos e preguntas para o próximo pleno ordinario do mes de xaneiro.

ROGOS:

- 1.- Solicitar que a oficina de correos en Xove dispoña de servizo de Fax.
- 2.- Poner a funcionar a páxina web do Concello de Xove e dende a mesma, informar e publicar todo o que sexa preceptivo e de interese para os veciños.
- 2.- A calidade da auga potable, unha vez máis ponse a proba coa chegada das choivas, chega as vivendas revolta e as veces cheira, pedimos que se acometan as melloras necesarias para evitar esta situación.
- 4.- A rampa para acceso de discapacitados da praia de Esteiro, ten unha inclinación excesiva, o que supón moita dificultade para os usuarios, e polo que consideramos necesario reformala.

PREGUNTAS:

- 1.- En Palmeiro hai unha zona axardinada e con un parque infantil, os veciños están preocupados ante a posibilidade de que se edifique estragando esa zona verde e de lecer. Pensou o goberno na posibilidade de negociar coa promotora para conservar esa zona verde?

1.- En algunhas obras que se están a executar por todo o Concello, a ocupación das vías públicas con todo tipo de residuos, máquinas e vehículos invadindo as zonas seguras das proximidades, sen a oportuna selección de materiais, coa sinalización deficiente ou nula, terra e porquería sobre a calzada e en moitos sitios a madeira das cortas de eucalipto amoreada dificultando o tráfico con risco para os usuarios das vías públicas, denota unha falla de control e desinterese do Concello, e con que frecuencia, en cantas ocasións se notificou as empresas responsables para evitar estas situacións?

3.- Hai un bloque de vivendas en Palmeiro ó que se concedeu o permiso de entronque de auga, cando se pensa conceder a licenza de primeira ocupación?

4.- Estase a executar unha traída de augas de Reboredo, fican 4 casas próximas en Castelo, non teñen previsto ampliar esta obra para darlles servizo?

Dito escrito de contestación, para constancia, transcríbese na presente acta, significando que do mesmo deuse traslado ó Sr. Fernández Bouza, con data 9 de febreiro de 2008:

CONSTESTACIÓNS ÁS PREGUNTAS E ROGOS FORMULADAS POR ESCRITO POLO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G (REXISTRO DE ENTRADA Nº: 134 DE 14/01/2008)

ROGOS:

1.- Solicitarase á instalación de dito servizo de tele-fax.

2.- Se están mantendo conversas con distintas empresas do sector sobre contidos e presupostos de elaboración e mantemento de xeito que o Concello de Xove poida ter plenamente operativa a súa propia web neste mesmo exercicio.

3.- O servizo municipal de augas intensifica o seu labor de control de calidade das augas para atender casos puntuais de enturbamento provocados polas tormentas. En breve procederase a efectuar a limpeza de tódolos depósitos da rede municipal de auga.

4.- Hai uns días a Dirección Xeral de Costas adxudicou a execución das obras de recuperación do sistema dunar da praia de Esteiro o que supón a renovación integral de tódolos servizos da praia (incluíndo os accesos). Desde o Concello controlárase que tódolos servizos, accesos incluídos, queden en perfectas e axeitadas condicións de uso.

PREGUNTAS:

1.- O Concello ten solicitado unha subvención á Consellería de Presidencia para acometer este ano a execución da obra “Parque Público en Palmeiro” cun presuposto de 300.000´00 €e que ocupará unha superficie superior ós 7.000 metros cadrados.

2.- Recentemente comunicouse a tódalas empresas afectadas a existencia e vixencia dunha ordenanza municipal que regula con todo detalle e rigor a ocupación temporal de vías públicas incluíndo as taxas e fianzas de aplicación. As taxas pola ocupación de vía pública se abonan por auto-liquidación de xeito que previamente á solicitude e obtención de licenza ditas taxas ó igual ca fianza, nos supostos que sexa de aplicación, deben de estar previamente abonadas ou constituídas.

3.- Por aplicación da normativa vixente a licenza de primeira ocupación outorgase unha vez rematadas totalmente as obras e daquela a solicitude ten que vir acompañada do correspondente Certificado Final de obra expedido polo Director Técnico da mesma e polo informe favorable emitido polo Aparellador Municipal unha vez efectuada a correspondente visita de inspección. A

data de hoxe ningún dos edificios en construción na Urbanización Palmeiro ten solicitado e polo tanto dispón de licencia de primeira ocupación.

4.- Hai uns 15 anos a través do Plan de Comunidades Veciñais da Deputación construíronse coa financiación da Deputación e a aportación do Concello en materiais e maquinaria os Depósitos de Reboredo, Castelo, Cortellos e Torrillón.

Na actualidade o núcleo de Castelo abastecese dun manancial propio e a través do citado depósito. Non obstante na obra que se está executar en Reboredo inclúese a instalación dunha tubaría que conecte a rede municipal de abastecemento de augas desde Reboredo ata o depósito de Castelo de xeito que os veciños de dito núcleo poidan optar polo sistema de abastecemento que consideren máis convinte.

Loxicamente no caso de optar polo entronque coa rede municipal se procedería a instala-los correspondentes contadores.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e dez minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

Vº e Pr.

O ALCALDE ,

Asdo.- José Demetrio Salgueiro Rapa